




Concello do Porriño



DONA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Este Concello actualmente ten en trámite o proceso selectivo que ten por obxecto a urxente **selección e nomeamento de dous funcionarios interinos auxiliares administrativos**, asimilados ao grupo C, subgrupo C2, **para atender o exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, que se veñen producindo no Servizo de Intervención**, segundo o informe do responsable de dito Servizo de data 21-03-2018, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses, ao abeiro do artigo 10. 1. d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e do artigo 23. 2. d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA),

Por resolución desta alcaldía de data 15-06-2018, resolveuse, entre outras cousas, fixar a data de constitución do tribunal de dito proceso de selección así como da cualificación dos méritos acreditados polos aspirantes admitidos/as e a da data da realización do primeiro exercicio, efectuándose a convocatoria ás persoas designadas, titulares e suplentes do citado tribunal cualificador .

D. Eduardo González Fernández, arquitecto técnico municipal, nomeado Secretario Suplente do Tribunal, mediante escrito manifestou: *Que debido a carga de traballo que hai nestes intres no seu posto, as circunstancias particulares deste posto de traballo, xa que solo dispón dunha dedicación laboral de media xornada, e consultado co concelleiro delegado de Urbanismo, Comercio, Industria e Medio Ambiente, concluímos que quedaría o posto de traballo desatendido nos asuntos de urbanismo que son de orden preferente, polo que, solicita, que se anule a súa designación de membro de secretario suplente do citado tribunal, polos motivos expostos.*

A vista do anterior, esta Alcaldía, no exercicio das súas atribucións,

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear Secretario Suplente do citado tribunal a don Carlos Sahuquillo Franco, traballador social deste Concello e efectuar a correspondente convocatoria.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de edictos do concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web deste Concello www.porremplego.org.

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 2)
Alcaldesa do Porriño
Data de Sinatura: 19/06/2018
HASH: 99a8a6e5d513faa61015c73d4c250



Paula García Jara (2 para 2)
Secretaría Accidental
Data de Sinatura: 20/06/2018
HASH: e5b8189d0bec63b61d17417c0c0b6e54



DECRETO
Número: 2018-1035 Data: 19/06/2018



Cod. Validación: XZT5DDEA6EYMY4ALCFCFALDH2 | Corrección: <http://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1